


LAPISEIRO CON ROLOS DE PAPEL

MATERIAIS



folios




tesoiras



pinturas
(acrílicas, témperas
ou similar)




5 rolos de
papel



grampadora



pegamento



cartón fino



rotulador
negro

PASO
1

Para cada rolo debemos facer unha base, e para iso marcamos 5 círculos no cartón coa medida dun rolo de papel. Logo pegamos os círculos aos rolos e xa temos as nosas bases listas. Agora toca pintar os rolos de marrón para despois deixalos secar.

PASO
2

Facemos os ollos da miñoca recortando dous círculos pequenos de cartón e outros dous de papel branco (máis pequenos cos anteriores). Pegamos os brancos sobre os de cartón e debuxamos co rotulador negro a pupila dos ollos.

PASO
3

Agora imos facer un libro, para o que recortamos un rectángulo de cartón de 9x5,5 cm e 4 rectángulos iguais de papel un chisquiño máis pequenos que o de cartón. Unimos os 4 rectángulos de papel cunha grampa e pegamos a primeira e última páxina ao cartón.

PASO
4

Debuxamos e recortamos os brazos da miñoca e pegámoslos a un dos rolos, que será a cabeza. Pegamos o libro e debuxámoslle un sorriso. Despois pegamos este rolo ao resto e xa temos listo o noso lapiseiro biodegradable e sostible!

AS MIÑOCAS E O SEU PAPEL NO SOLO

QUE SON AS MIÑOCAS?

As miñocas son **animais invertebrados anélidos** (Annelida do latín *annelus*, "anel") da clase Oligochaeta (do grego *oligos*, "pouco, pequeno", e do latín *chaetae*, "sedas, quetas ou pelos").

Son **vermes** segmentados co corpo dividido en **segmentos** por aneis, sen cabeza ben definida pero si cunha boca nun dos seus extremos e un ano no outro. Con todo, poden moverse en ambos sentidos sen problema. Desta clase de miñocas describíronse máis de 8000 especies e son coñecidas como **miñocas de terra** porque tamén existen miñocas de mar, que pertencen a outra clase (Polychaeta). Son moi voraces, chegando a comer o 90% do seu propio peso por día. Desta inxesta excretan do 50 ao 60%, sendo un nutriente natural de alta calidade, coñecido como **humus de miñoca**.

Por que son relevantes?

As miñocas, xunto coas **termitas, as formigas e as larvas de algunhas especies de escaravellos**, conforman un grupo denominado como **"enxeñeiros do solo"**, xa que realizan importantes modificacións da estrutura do solo, como é o caso de galerías, buratos e depósitos de excrementos. Isto prepara o ambiente para outros organismos, permitindo unha maior dispoñibilidade de alimentos para animais e plantas. Tamén axudan á aceleración da descomposición da materia orgánica e ao reciclado de nutrientes. Formarán parte do grupo de **descompoñedores** xunto con bacterias e fungos inxerindo partículas do solo que serán descompostas e liberadas como excrementos.

Como nos afectan?

Nos últimos anos estase a producir unha degradación do solo por unha **perdida acelerada do contido da materia orgánica** debida en gran parte á **destrución da fauna do solo**, entre as cales están as miñocas, que é a encargada de regular estes procesos.

Por outra banda, as miñocas teñen numerosos **efectos beneficiosos sobre o crecemento das plantas** porque melloran a estrutura do solo, favorecen o incremento de nutrientes e auga e estimulan a presenza doutros organismos descompoñedores. Isto tamén é moi importante para a produción de alimentos. E nunca vistes un paxariño cunha miñoca na boca? Pois son tamén esenciais para a alimentación de algúns animais como aves, mamíferos e incluso grandes insectos.

Saber un pouquiño máis...

As miñocas representan a **maior biomasa animal** nunha gran parte de ecosistemas terrestres, e alí onde son abundantes poden procesar ata 250 toneladas de solo por hectárea ao ano. Este inmenso traballo inflúe de forma moi significativa na propiedades do solo, e dá a estes organismos un papel moi moi importante!

QUE APRENDEAMOS SOBRE AS MINOCAS

Adiviña as 10 palabras correctas ordenando as seguintes letras:

Exemplo: *eremv* → verme

cañomi →

Desdrescompoñe →

Inbravertedo →

Descióntru →

Magánica orteria →

Crementoce →

sool →

sumh →

taciónalimen →

mabiosa →

